

Estimadas nais e pais:

1.- O IES de Porto do Son realiza diversas actividades educativas nas inmediacións do recinto escolar, acompañadas polo profesorado responsable e dentro do horario escolar. Dada a súa frecuencia; dado que non teñen custo algún para o alumnado e que sería unha incomodidade inútil autorizar unha por unha, solicitamos unha autorización xeral para o curso 2020-2021.

2.- Destas e doutras actividades dentro do IES acostumamos a gardar rexistro de imaxes e de vídeo que poden ver na páxina oficial do IES, e nas canles alí vinculadas: ieson.gal. Como todos os anos, solicitamos a súa autorización. Insistimos en que o respecto á imaxe do alumnado é a nosa principal preocupación.

3.- O IES de Porto do Son, dispón dunha Aula Virtual e Intranet (rede web interna no edificio do IES), utilizada polos profesores e os alumnos para complementar as clases, repartir apuntes, recoller exercicios, marcar tarefas, etc. Na Aula Virtual é necesario dispoñer dunha conta de correo electrónico persoal. Desde o 2016, contamos coa autorización de google para usar as súas aplicacións educativas (que inclúen unha **conta de correo persoal para cada alumno/a**) baixo o dominio web do IES: **ieson.gal**. Cada curso debemos renovar a **autorización das nais/pais/titores** dos nosos alumnos/as. A conta de correo “nome...@ieson.gal” é válida para todos os cursos que o alumnado permaneza no IES, despois bórrase. Os seus fillos DEBEN compartir os contrasinais das súas contas educativas con vostedes.

O alumnado sen acceso á web, ou sen ordenador na casa, contará co apoio do IES para que non se vexa prexudicada a súa aprendizaxe.

4.- Os problemas de disciplina a causa do mal uso dos móbiles no IES son constantes. A normativa oficial di: “**prohíbese o uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos como mecanismo de comunicación durante os períodos lectivos.**” DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar

Recomendamos vivamente asinar esta autorización. É imprescindible para ofrecer unha boa ensinanza á altura dos nosos tempos.

Moitas grazas, agardamos que o curso 2020-2021 sexa feliz e produtivo para os seus fillos e fillas. Se teñen algunha dúbida ou proposta non dubiden en facérnola saber.

Porto do Son a xuño/xullo de 2020

A Dirección do IES

ACOMPANHAR ESTA AUTORIZACIÓN AO SOBRE DE MATRÍCULA

D./Dña. con DNI, na miña
condición de **representante legal do alumno ou alumna**

(Nome e apelidos do menor)

Marcar en caso de **NON** dispoñer de ordenador no fogar. **NON** dispoñer de conexión a internet.
Conta de correo electrónico da nai/pai/titor/a que asina.

_____ @ _____

- AUTORIZO o tratamento da imaxe do meu fillo ou filla con finalidade educativa, en relación coas actividades escolares promovidas polo IES de Porto do Son** nas publicacións, páxinas web, canles de vídeo, blogs, redes sociais ou similares, xestionadas polo IES, durante o curso escolar 2020/21, (ieson.gal, <http://etikeles.blogaliza.org>; <https://vimeo.com/soncine>...) así como a posible transferencia internacional de datos, derivada do seu uso, aos países nos que se atopen os seus servidores.
- AUTORIZO os desprazamentos a actividades educativas, durante o horario escolar, na contorna do IES**, fóra do recinto escolar, acompañado polo profesorado responsable, durante o curso escolar 2020/21 (por exemplo: unha clase de bioloxía para estudar o ecosistema intermareal; actividades deportivas na praia, etc).
- AUTORIZO os desprazamentos en horario lectivo, acompañado polo profesorado responsable, a saídas culturais ou deportivas, actividades, conferencias, xuntanzas, exposicións, teatro ou similares, nos límites do Concello de Porto do Son**, durante o curso escolar 2020/21 (p.e. Auditorio da Casa da Cultura de Porto do Son, museo, etc).
- AUTORIZO** ao IES de Porto do Son a proporcionarlle ao meu fillo/filla unha **conta de correo electrónico** (co modelo: *nomealumno/a@ieson.gal*) xestionada polo IES de Porto do Son **para uso exclusivamente escolar (comunicación vía e-mail co profesorado; uso de aplicacións educativas web, aula virtual)**. Conta de correo e aplicacións web que serán válidas para todo o seu período de escolarización no IES. (As normas sobre o seu uso seranlles distribuídas a comezo do curso).
- CONSIDÉROME INFORMADO/A da normativa oficial** en función da cal se dispón que o alumnado **NON DEBE** traer o móbil ao centro de estudo; **EN NINGÚN CASO PODE USALO NIN ESTAR Á VISTA EN PERÍODO LECTIVO; a responsabilidade do seu mal uso, ou uso delictivo, recae sobre o alumno/a e os seus responsables legais; as perdas, roubos, desperfectos en ningún caso poderán reclamarse ao IES;** os móbiles retirados polo profesorado serán recollidos polos titores legais do alumno/a e constarán como unha falta leve: a acumulación de ditos partes é falta grave.

Así mesmo, recoñezo ter sido informado/a da **posibilidade de revogación destes consentimentos en calquera momento.**

En Porto do Son a de de 2020

Asinado.....

MATRÍCULA CURSO 2020/2021

Datas para a formalización da matrícula: de 09:30 A 13:30:

DÍA 1 > 1º ESO	DÍA 2 > 2º ESO
DÍA 3 > 3º ESO	DÍA 6 > 4º ESO
DÍA 7 > 1º BACH	DÍA 8 > 2º BACH

Documentación a aportar coa matrícula:

- Impreso de matrícula que se proporciona na conserxería do centro ou se pode descargar na páxina web: www.ieson.gal
- Fotocopia do DNI do/a alumno/a.
- Fotocopia do boletín de notas do curso 2019/2020.
- Folla de autorizacións asinada.
- 2 fotografías tamaño carné (co nome do/a alumno/a por detrás).
- 1 sobre *americano* aberto, sen enderezo e selado *Tarifa A*.

Ademais:

- O alumnado de nova incorporación ao centro aportará fotocopia da páxina do Libro de Familia onde está rexistrado/a dito/a alumno/a.
- No caso do alumnado procedente doutra comunidade autónoma, debe entregar certificación académica dos estudos realizados.
- O alumnado de 3º e 4º ESO e Bacharelato entregará o xustificante de pago das taxas do Seguro Escolar (1,12 euros que serán aboados na Conserxería do centro, ou no caixeiro da oficina de ABANCA, co número de conta ES12 2080 0312 4430 4000 4100; entregaralle un recibo para presentar no IES).
- Se está de alta no programa Alerta Escolar debe aportar informe médico.
- En caso de divorcio deben aportar a sentenza xudicial.

NOTA: O alumnado que teña algunha materia pendente de examinar para setembro deberá realizar a súa matrícula no mes de setembro.

FOLLA DE RECOLLIDA DE DATOS

APELIDOS DO ALUMNO/A		NOME
TARXETA SANITARIA	DNI PASAPORTE	TELÉFONO MÓBIL
DATA DE NACEMENTO	LOCALIDADE	E-MAIL
NACIONALIDADE	PROVINCIA	CONCELLO
NAI		DNI PASAPORTE
PAI		DNI PASAPORTE
TITOR/ LEGAL		DNI PASAPORTE
TELÉFONOS PARA URXENCIAS 1	2	3
TELÉFONO NAI	TELÉFONO PAI	TELÉFONO TITOR LEGAL
CORREO ELECTRÓNICO NAI/PAI/TITOR-A		

DOMICILIO FAMILIAR

LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	CONCELLO	PROVINCIA
RÚA/PRAZA/LUGAR	NÚMERO, PISO, LETRA	TELÉFONO FIXO	

OUTROS ENDEREZOS (só no caso de que un dos pais non conviva no domicilio familiar)

ENDEREZO DO...	PAI	NAI	TITOR LEGAL
APELIDOS			NOME
RÚA/PRAZA/LUGAR		NÚMERO, PISO, LETRA	TELÉFONO FIXO
LOCALIDADE		CÓDIGO POSTAL	CONCELLO
SOLICITO QUE AS COMUNICACIÓNS DO IES SEXAN REMITIDAS TAMÉN A ESTA DIRECCIÓN <input type="checkbox"/>			
MARCAR SE O SEU FILLO/A ESTÁ DADO DE ALTA NO PROGRAMA DE ALERTA ESCOLAR <input type="checkbox"/>			
NO CASO DE QUE ESTEA DE ALTA, ENTREGA COPIA DO INFORME MÉDICO SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>			
Dispón de ordenador SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>		Dispón de Internet SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>	

(Ao asinar este documento recoñece que os datos son veraces e actuais.)

Sinatura do pai, nai, titor legal.

O funcionario

Porto do Son a _____, de _____, de 2020

Selo do centro

MATRÍCULA 2º ESO

2º ESO		
APELIDOS		NOME
Lingua Castelá e Literatura (3h) Primeira Lingua Estranxeira (3h) Matemáticas (5h) Xeografía e Historia (3h) Física e Química (3h) Lingua Galega e Literatura (3h) Música (2h) Tecnoloxía (3h) Segunda Lingua Estranxeira (2h) Educación Física (2h) Tutoría (1h)		
ELIXE		
Primeira Lingua Estranxeira (3h) Inglés <input type="checkbox"/>	ou	Primeira Lingua Estranxeira (3h) Francés <input type="checkbox"/>
Valores Éticos (1h) <input type="checkbox"/>	ou	Relixión (1h) <input type="checkbox"/>
Investigación e Tratamento da Información ITI (1h) <input type="checkbox"/>	ou	Promoción de Hábitos de Vida Saudables (1h) <input type="checkbox"/>

Sinatura do pai, nai, titor legal.

O funcionario

Porto do Son a ____, de _____, de 2020

Selo do centro